

Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**GONDOMAR**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE  
BIOTRITURADORAS A PARTICULARES PARA A XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA*

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS  
A PARTICULARES PARA A XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA*

*ANUNCIO*

Finalizado o período de exposición ao público do acordo adoptado polo concello de Gondomar en Pleno en data 26 de xaneiro de 2023, relativo á aprobación inicial da ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS A PARTICULARES PARA A XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA e, resultando que non se presentaron reclamacións ou suxestións, dito acordo, publicado no boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de data 22 de febreiro do 2023, enténdese definitivamente aprobado.

Dando cumprimento ao disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o texto íntegro do Regulamento.

O alcalde

Juan Francisco Ferreira González

**ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS A PARTICULARES  
PARA A XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA DO CONCELLO DE GONDOMAR**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

O Proxecto de Compostaxe Doméstico do Concello de Gondomar, ten como obxectivo a creación e implantación dun sistema de compostaxe doméstico dos restos da fracción orgánica, que permita nun futuro ter a capacidade de xestionar o 50% da mesma e aumentar a separación dos residuos sólidos urbanos na súa orixe.

Para a xestión dende o inicio do proceso, a outra parte do programa prevé a xestión dos residuos vexetais de podas municipais e veciñais a través do servizo de biotrituración do Concello de Gondomar, de forma que se poida completar o ciclo da xestión da biomasa e facilitando así, o acceso ao estruturante que se debe engadir ao composteiro, que a día de hoxe é un tipo de material deficitario.



O fomento da separación e reciclado en orixe dos biorresiduos, así como de súa recollida separada e tratamento biolóxico posterior, son as medidas que maior influencia teñen na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas ao sector dos residuos, posto que se evita o seu depósito final en vertedoiro e, por tanto, o proceso de degradación xerador de ditas emisións.

O Concello de Gondomar con esta implantación do sistema de compostaxe, como alternativa para a xestión local dos biorresiduos, ten por obxectivos:

- Avanzar no cumprimento dos obxectivos que marca a UE en materia de recollida selectiva dos residuos.
- Melloras e beneficios ambientais que se procuran co proxecto, asociados ao cumprimento dos obxectivos comunitarios de xestión de residuos: incremento das cantidades de residuos de competencia municipal destinadas a reciclado e redución do vertido de residuos biodegradables.
- Deseñar un sistema de recollida selectiva da fracción orgánica para a súa valorización como compostaxe de alta calidade.
- Redución de emisións de CO<sub>2</sub>, xa que non se traslada o lixo nin se incinera.
- Tratar os residuos orgánicos onde se producen, evitando o depósito en vertedoiros ou incineración.
- Aforrar na recollida de lixo, xa que non é necesario recoller ni transportar os residuos, eliminando custes.
- Mellorar a porcentaxe global de recollida selectiva así como as ratios de separación dos residuos sólidos urbanos, mediante accións sobre a fracción orgánica.
- Dar a posibilidade de que os veciños obteñan un fertilizante natural e de calidade, mediante a recollida selectiva do 50% da materia orgánica, que actualmente véñse recollendo na fracción resto, e cos restos de podas (fracción vexetal leñosa) das zonas verdes.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas ás que deberá axustarse o préstamo de biotrituradoras propiedade do Concello de Gondomar, determinando os dereitos, obrigas e réxime de infraccións e sancións.

O Concello de Gondomar pon a disposición da veciñanza este servizo coa finalidade de fomentar unha correcta xestión dos residuos de orixe vexetal xerados no ámbito municipal e contribuíndo así a:

a) Evitar que estes residuos rematen no circuíto de recollida do lixo, cos conseguíntes custes asociados.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

b) Obter un produto de valor engadido para o programa de compostaxe do concello, que pode ser empregado como estruturante ou ben directamente, como material de acolchado, para horta e xardín.

c) Reducir o número de queimas, minimizando riscos de incendio e contaminación ambiental.

## **Artigo 2. Ámbito do Servizo**

O ámbito do servizo queda circunscrito ao uso da maquinaria dentro do termo municipal do Concello de Gondomar.

## **Artigo 3. Normativa aplicable.**

O Concello de Gondomar para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades ambientais e a mellorar a calidade de vida, estando prevista a competencia municipal en materia de medio ambiente urbano no artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a protección do medio ambiente, segundo o previsto no artigo 80.2.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Na súa condición de Administración pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias exercita a potestade regulamentaria que lle atribúen os artigos 4.a) e 22.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

## **Artigo 4. Potestades**

Nas materias obxecto deste Regulamento, esta Entidade local, ostenta cantas potestades lle confire o artigo 4 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa aplicable, incluídas as potestades de inspección e sancionadora.

## **CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO**

### **Artigo 5. Características do Sistema de Préstamo de Biotrituradoras**

O sistema de préstamo conta de dous tipos de biotrituradoras, as eléctricas e as de motor de combustión, de titularidade municipal que poderán ser recollidas polas persoas usuarias cos seus propios medios, nas instalacións do Concello que se establezan ao efecto.

Unha vez rematado o prazo de préstamo serán devoltas ao mesmo lugar.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

## Artigo 6. Persoas usuarias do servizo

Poderán ser persoas usuarias do servizo municipal de préstamo de biotrituradoras todas as persoas maiores de idade, con domicilio no Concello de Gondomar e/ou titulares de dereitos respecto dunha parcela situada dentro do termo municipal de Gondomar, que se dean de alta previamente no servizo e se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias co mesmo.

As persoas solicitantes serán persoas físicas e o emprego da maquinaria en préstamo será sempre no ámbito privado domiciliario, non podendo ser utilizada con ánimo de lucro.

## Artigo 7. Alta no servizo e presentación de solicitudes de particulares

Toda persoa que pretenda empregar o servizo municipal de trituración deberá previamente darse de alta no servizo o que implicará recibir unha serie de instrucións sobre o funcionamento da maquinaria.

A alta no servizo realizarase mediante solicitude, que se presentará ante o Concello de Gondomar a través de calquera dos medios admitidos pola normativa vixente.

En dita solicitude de alta constarán os datos persoais da persoa física interesada, indicando o nome e apelidos, documento de identificación persoal, domicilio e dirección aos efectos de notificación, e/ou a identificación das fincas nas que, como titular de dereitos sobre as mesas, se vaian realizar as labores de xestión da biomasa.

As biotrituradoras prestaranse previa solicitude presentada ao servizo municipal correspondente coa antelación mínima de 5 días naturais ao día que se pretende retirar e será atendida e resolta por orde rigorosa de entrada.

O concello porase en contacto coa persoa interesada para indicarlle a data e lugar de recollida posibles.

A solicitude poderá realizarse mediante o modelo normalizado (ANEXO I) aprobado polo Concello de Gondomar, no que se determinará a declaración responsable dos datos que se indiquen, o compromiso de utilización das biotrituradoras nas condicións previstas e o cumprimento das obrigas que se establezan. Indicará ademais a identificación e lugar de situación das parcelas concretas nas que se utilizará a biotrituradora.

Documentación necesaria para o uso das biotrituradoras:

- Anexo I. Alta no servizo de préstamo das biotrituradoras.
- Anexo II. Solicitude de préstamo e devolución da biotrituradora.
- Anexo III: Acta de entrega e devolución da biotrituradora.



## Artigo 8. Funcionamento do Servizo Municipal de Préstamo de Biotrituradoras

Para retirar a biotrituradora deberase asinar o modelo normalizado de entrega onde se indicará o nome da persoa usuaria rexistrada, o día no que se fai entrega da maquinaria e o día no que se traerá de volta ás dependencias municipais. No momento da devolución entregarase documento xustificante coas incidencias rexistradas, no seu caso.

O material entregado, xunto coa biotrituradora, será como mínimo:

- Guía rápida de utilización da máquina.

## Artigo 9. Condicións de Utilización

a).- O emprego das trituradoras límitase a persoas físicas, para uso particular e privado, sempre dentro dos límites territoriais do concello, sendo a persoa usuaria a responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.

b).- A duración do préstamo límitase, como máximo, a 5 días a contar dende o día da entrega da maquinaria. Se coincide un dos días en sábado se considerará a todos os efectos día de préstamo e non computarán os domingos e festivos.

c).- A entrega realizarase dentro do horario laboral do persoal do concello, de 09:00 ás 14:00 horas, de luns a venres, agás festivos. No caso de que o día da entrega fose inhábil, realizarase no seguinte día hábil.

d).- O emprego da maquinaria límitase á trituración de restos leñosos procedentes de podas domiciliarias: ramas de árbores froiteiras, viña, árbores ornamentais, restos de xardinería de tipo leñoso e similares.

e).- Entre dous períodos de préstamo consecutivos, deberá pasar, cando menos, quince días naturais.

f).- Na devolución da maquinaria, farase unha breve revisión dos seus compoñentes e verificarase o correcto funcionamento, sendo responsable do mesmo a persoa usuaria que está a utilizar a máquina.

g).- As persoas usuarias serán informadas da existencia do manual de uso da maquinaria que se porá á súa disposición.

h).- No caso das trituradoras accionadas con motor de combustión, entregaranse co depósito de combustible cheo, e así indicarse no recibo de préstamo. No momento da devolución, o depósito de combustible deberá atoparse cheo, sendo no seu defecto, considerado como unha falta de tipo leve.



### CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

#### Artigo 10. Dereitos

a).- Toda a veciñanza ten dereito a alta no servizo, cumprindo as condicións establecidas nos artigos anteriores.

b).- Toda a veciñanza ten dereito ao emprego da maquinaria no ámbito domiciliario privado, dentro dos límites do Concello de Gondomar.

#### Artigo 11. Obrigas

a).- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada a un correcto uso da maquinaria en préstamo.

b).- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada ao cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.

c).- Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento estas normas, sen prexuízo do cumprimento doutros regulamentos, normas, e lexislación vixente que afecte ao emprego desta maquinaria ou as consecuencias da súa utilización.

d).- Serán de obrigado cumprimento as indicacións ofrecidas polo persoal responsable do servizo do concello no tocante ao mantemento e correcto funcionamento da máquina.

e).- Calquera incidente ocorrido durante o emprego da maquinaria deberá ser comunicado aos teléfonos facilitados polo Concello coa maior brevidade posible.

f).- A persoa usuaria responderá de calquera dano que se cause na maquinaria por un transporte ou uso incorrecto da mesma.

g).- A persoa usuaria será responsable do correcto uso da maquinaria e da adopción das medidas de seguridade que fosen precisas para evitar danos propios ou a terceiras persoas.

h).- O concello non será responsable de calquera dano que sufra a persoa usuaria ou unha terceira polo uso da maquinaria.

#### Artigo 12. Prohibicións

a).- Prohíbese o emprego da maquinaria fóra dos límites territoriais do Concello.

b).- Prohíbese á persoa usuaria o préstamo, alugueiro, cesión ou calquera disposición da maquinaria ou accesorios a favor de terceiras persoas.

c).- Prohíbese o emprego da maquinaria en limpeza de restos de talas forestais.

d).- Prohíbese a introdución de restos vexetais que superen o grosor ou diámetro ou forma admitidos pola máquina.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

e).- Prohíbese a introdución de elementos distintos aos indicados no artigo 9 “Condições de utilización” para o emprego da maquinaria. En concreto, prohíbese a introdución de restos verdes non leñosos, tales como herba, restos de flores, plantas arrincadas e similares.

f).- Prohíbese o desmonte ou manipulación da maquinaria, excepto para aquelas accións indispensables indicadas na guía de utilización, destinadas ao correcto funcionamento da mesma, ou ao seu transporte.

g).- Prohíbese o emprego da máquina para uso industrial con fins lucrativos.

### **Artigo 13. Obrigas en caso de furto ou roubo**

a).- Efectuar a correspondente denuncia na policía.

b).- Comunicalo telefonicamente ao Concello de Gondomar e presentar copia da denuncia no concello.

c).- No caso de non presentar denuncia, considerarase a inhabilitación definitiva no servizo, sen prexuízo de aplicarse o réxime sancionador correspondente.

## **CAPÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 14. Principios xerais**

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza. O réxime sancionador desta ordenanza réxese polos principios contidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou norma que a substitúa, e demais normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, serán de aplicación as disposicións contidas no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

### **Artigo 15. Clasificación das infraccións**

As infraccións clasificaranse como leves, graves ou moi graves, sen prexuízo de que todo incumprimento disposto nesta ordenanza, constitúe unha infracción da mesma, quedando a consideración do concello a súa clasificación como leve, grave ou moi grave, e a conveniencia ou non da súa sanción e os termos da mesma, no ámbito das súas competencias.

#### **1.- INFRACCIÓNS LEVES.**

Serán leves as seguintes infraccións:

a).- O atraso na devolución da maquinaria non debida a causas xustificadas.

b).- Non respectar as tarefas mínimas de limpeza, conservación e mantemento da máquina.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:7YO2RNU8AQU2QD9Y



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

c).- No caso de trituradoras accionadas con motor de combustión, a entrega da máquina sen o depósito de combustible cheo.

## 2.- INFRACCIÓNS GRAVES.

Serán graves as seguintes infraccións:

a).- O emprego da maquinaria fóra dos ámbitos establecidos para o seu emprego (horta e xardinería).

b).- O préstamo ou cesión a terceiras persoas.

c).- O manexo por persoas distintas da persoa titular do préstamo.

d).- Producir danos na máquina por un uso incorrecto da mesma, sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos pola súa reparación.

e).- Uso incorrecto da maquinaria que dea lugar a risco en bens ou en persoas.

f).- O coidado non axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos na mesma.

g).- A reiteración na comisión de dúas faltas leves.

## 3.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Serán moi graves as seguintes infraccións:

a).- O emprego da maquinaria con fins de lucro, estando expresamente prohibido o seu alugueiro, venda ou emprego con fins comerciais, ou diferentes dos especificados para cada máquina.

b).- Non realizar denuncia no suposto de roubo.

c).- A reiteración na comisión de dúas faltas graves no período de doce meses.

d).- A perda da maquinaria ou non devolución da mesma.

e).- Coidado non axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos graves na mesma.

## Artigo 16. Sancións

As infraccións ao presente regulamento darán lugar ás seguintes sancións, sen prexuízo doutras sancións que poida interpoñer o concello destinadas a sufragar posibles desperfectos ou outros, no seu caso:

a).- As faltas leves sancionaranse con penalizacións de suspensión temporal dun mes da persoa usuaria do servizo, e multa de 60 €.





Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

b).- As faltas graves sancionaranse con multa de 61 € a 300 € e suspensión temporal de un a seis meses da persoa usuaria no servizo.

c).- As faltas moi graves sancionaranse con multa dende os 301 € a 750 € en diante, e a suspensión temporal da persoa usuaria do servizo de seis meses á baixa definitiva do servizo.

### **Artigo 17. Potestade sancionadora**

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta Ordenanza, corresponde, á Alcaldía do Concello de Gondomar con arranxo ao disposto nos artigos 21.1. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, sen prexuízo da posibilidade de delegar o exercicio da devandita atribución.

### *DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA*

Para todo o non regulado expresamente na presente ordenanza estarase ao disposto na normativa xeral aplicable a cada caso.

### *ENTRADA EN VIGOR*

Esta Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente, e publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo ao cal se refire o art. 65.2 en relación con o 70.2 de a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local».

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**ANEXO I**  
**ALTA NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DAS BIOTRITURADORAS**

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

SOLICITA
<b>ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS</b>

Gondomar, a ..... de ..... de 20.....  
Sinatura do solicitante: Nome completo e DNI

**POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, infórmase de que os datos facilitados serán empregados exclusivamente para o efectivo control e xestión do material subministrado polo concello. Os seus datos poderán ser cedidos ás entidades que colaboren co Concello no novo sistema de xestión do lixo.

Por último, infórmase de que vostede ten dereito a obter unha confirmación sobre se o concello está tratando os seus datos persoais e, por tanto, exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade a través das seguintes canles: no enderezo postal: Praza Doutor Latino Salgueiro 1 ou a través da sede electrónica do concello <https://concellodegondomar.gal>.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**ANEXO II: SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA BIOTRITURADORA**

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

Indique con X os seguintes materiais:

<b>TIPO DE BIOTRITURADORA</b>	<b>Eléctrica</b> <input type="checkbox"/>	<b>Gasolina</b> <input type="checkbox"/>
<b>GUÍA DE UTILIZACIÓN</b>	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta en todo caso:

1. Que recibe os materiais sinalados no presente documento en perfectas condicións de uso.
2. Que é maior de idade.
3. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
4. Que posúe unha vivenda no Concello de Gondomar.
5. Que o emprego das biotrituradoras será no ámbito privado.
6. Que é o responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.
7. Que está en posesión da capacitación expedida polos operarios ou técnicos do concello habilitados ao efecto para o modelo en concreto obxecto do préstamo.
8. Que no caso das biotrituradoras accionadas co motor de combustión, efectuará a devolución co depósito de combustible cheo (**de non ser así poderá ser sancionado conforme ao establecido na correspondente ordenanza reguladora**).
9. Que cumprirá coas condicións de utilización e as obrigas dos usuarios.

Gondomar, a ..... de ..... de 20.....

Sinatura do solicitante: Nome completo e DNI



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

### **POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, infórmase de que os datos facilitados serán empregados exclusivamente para o efectivo control e xestión do material subministrado polo concello. Os seus datos poderán ser cedidos ás entidades que colaboren co Concello no novo sistema de xestión do lixo.

Por último, infórmase de que vostede ten dereito a obter unha confirmación sobre se o concello está tratando os seus datos persoais e, por tanto, exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade a través das seguintes canles: no enderezo postal: Praza Doutor Latino Salgueiro 1 ou a través da sede electrónica do concello <https://concellodegondomar.gal>.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**ANEXO III: ACTA DE ENTREGA E DEVOLUCIÓN DA BIOTRITURADORA  
PARTE 1.-ENTREGA EN PRÉSTAMO DA BIOTRITURADORA**

DATOS DO SOLICITANTE (A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN)		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

DATOS DO REPRESENTANTE (RECOLLE A BIOTRITURADORA EN NOME DO SOLICITANTE)		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

O solicitante RECIBE os seguintes materiais:

<b>TIPO DE BIOTRITURADORA</b>	<b>Eléctrica</b> <input type="checkbox"/>	<b>Gasolina</b> <input type="checkbox"/>
	<u>Data entrega</u>	<u>Data devolución</u>
<b>GUÍA DE UTILIZACIÓN</b>	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta en todo caso:

1. Que recibe os materiais sinalados no presente documento en perfectas condicións de uso.
2. Que é maior de idade.
3. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
4. Que posúe unha vivenda no Concello de Gondomar.
5. Que o emprego das biotrituradoras será no ámbito privado.
6. Que é o responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.
7. Que está en posesión da capacitación expedida polos operarios ou técnicos do concello habilitados ao efecto para o modelo en concreto obxecto do préstamo.
8. Que no caso das biotrituradoras accionadas co motor de combustión, efectuará a devolución co depósito de combustible cheo (**de non ser así poderá ser sancionado conforme ao establecido na correspondente ordenanza reguladora**).
9. Que cumprirá coas condicións de utilización e as obrigas dos usuarios.



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**PARTE 2.- DEVOLUCIÓN DA BIOTRITURADORA**

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome:	Apelidos:	DNI:
Teléfono:	Correo-e:	
ENDEREZO		
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:

O solicitante ENTREGA os seguintes materiais:

TIPO DE BIOTRITURADORA	<b>Eléctrica</b> <input type="checkbox"/>	<b>Gasolina</b> <input type="checkbox"/>
	<u>Data entrega</u>	<u>Data devolución</u>
<b>HORAS DE TRABAJO DA MÁQUINA</b>		
<b>DESPERFECTOS E/OU INCIDENCIAS</b>		

DEVOLUCIÓN (A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA)			
Depósito cheo	SI	<input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Desperfectos	SI	<input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Devolución na data establecida	SI	<input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>

**I.- OBXECTO DO PRÉSTAMO. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

O concello de Gondomar presta ás persoas usuarias en réxime de usufruto e a título gratuito, unha biotrituradora eléctrica ou con motor de combustión.

**A) OBRIGAS DOS USUARIOS**

Toda persoa usuaria do servizo está obrigada ao cumprimento das normas establecidas na ordenanza que regula o préstamo de biotrituradoras.

**B) OBRIGAS DO CONCELLO**

O concello comprométese a entregar o material descrito en perfectas condicións de uso, e asume as tarefas de asesoramento e subministración de toda información necesaria para o correcto funcionamento e adecuado rendemento dos materiais cedidos.

En Gondomar, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Sinatura do solicitante:

Sinatura da persoa responsable do  
Concello



Mércores, 26 de abril de 2023

Núm. 80

**POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, infórmase de que os datos facilitados serán empregados exclusivamente para o efectivo control e xestión do material subministrado polo concello. Os seus datos poderán ser cedidos ás entidades que colaboren co Concello no novo sistema de xestión do lixo.

Por último, infórmase de que vostede ten dereito a obter unha confirmación sobre se o concello está tratando os seus datos persoais e, por tanto, exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade a través das seguintes canles: no enderezo postal: Praza Doutor Latino Salgueiro 1 ou a través da sede electrónica do concello <https://concellodegondomar.gal>.

